



Orquestra Orff IES As Bizocas



Música nas túas palabras

Un esforzo compartido

Unha novedosa aproximación ao repertorio orff e clásico desde o ensino secundario. Unha experiencia de letras e música. Un lugar de encontro para a comunidade educativa.



Fundada durante o curso 07-08 por Xosé Manuel Durán, profesor de música do IES As Bizocas de O Grove, esta orquestra supón a cristalización dunha iniciativa que tiña por obxectivo crear unha formación estable que se servese dos instrumentos propios da dotación dunha aula de música no ensino secundario dos nosos días. Está formada por 20 alumnos e alumnas pertencentes a tódolos cursos que se imparten no centro, de 1º a 4º da E.S.O. A eles súmanse antigos compoñentes que queren seguir deste xeito vinculados á nosa comunidade educativa. O repertorio da orquestra confórmase mediante a adaptación de pezas pertencentes ao repertorio da chamada música clásica, (Mozart, Händel, Satie...), pezas compostas expresamente para este tipo de conxunto instrumental (Wuytack, Orff...) e as novas composicións realizadas ao abeiro do **certame de poesía Xosé A. Barral**, do que o director da orquestra é tamén responsable. No noso festival de fin de curso, Música nas túas palabras, fusionamos música e poesía, lese unha selección dos poemas presentados ao concurso e, como broche final, a

orquestra interpreta o poema gañador, musicado e ensaiado unha vez que o xurado do premio dá o seu veredicto.

O certame de poesía Xosé A. Barral



Fundado como a orquestra orff durante o curso 07-08, comezou como unha iniciativa de fomento da lectura dentro do programa da Biblioteca do IES As Bizocas. Nel pode participar o alumnado que se atope durante o ano da convocatoria cursando estudos de ESO ou de Bacharelato nun centro público, privado concertado ou privado da Comunidade Autónoma Galega. A orixinalidade deste certame consiste no estreito vínculo que existe entre letra e música, pois os poemas gañadores de cada categoría son musicados e interpretados. Na foto tedes a Ana Otero e a Lara Rodríguez, as gañadoras da edición do 2008.

Contacto: orff.asbizocas@gmail.com